

John Boyne tende pontes entre fantasía e realidade

A través da novela 'Noah Barleywater escapa da casa', o autor introduce na LIX galega a historia nunca contada de Pinocho

ESTHER DE LEÓN VILORIA
USC/CRPIH

O escritor irlandés John Boyne (Dublín, 1971) debe a súa fama internacional a obras best sellers como *O neno do pixama a raias* (Ed. Factoría K de Libros, 2007) ou *Motín na Bounty* (Ed. Kalandraka, 2010), todos eles traducidos á lingua galega. Nesta ocasión volve a sorprender de novo cunha novela que se inspira en fábulas e contos clásicos para recrear o mundo visto a través dos ollos dun rapaz de oito anos: Noah Barleywater.

Certos comportamentos inusuais alertan ao protagonista sobre a existencia dun grave problema familiar e, aterrado ante a inminente resolución, decide abandonar a fraga onde reside para coñecer as vilas veciñas. A misteriosa cuestión pola que foxe da súa casa non se desvela até case ao final das máis de dúascentas páxinas desta extensa novela. Así mantense viva a tensión en todo momento, alentada polas contadas confesións que se achen progresivamente.

Personaxes fantásticos situados en contextos reais saen ao encontro do protagonista. Entre eles destacan un burro famento a cada instante e un can salchicha un tanto susceptible. Ambos os dous son os responsables de que Noah poida acceder a un mundo maravilloso, unha tenda de xoguetes baixo a que se atopa o

fogar dun ancián artesán e das súas criaturas. Este mestre da madeira, "pai" de sorprendentes monicreques, pescuda nos temores que aterrorizan ao pequeno e ofrécelle o mellor dos agasallos: as súas propias andainas, que descubren ao lectorado a historia nunca contada de Pinocho.

Para todos aqueles que sempre quixeron saber que foi daquel boneco de madeira que se transformou nun neno de verdade e que vía crecer o seu nariz cando mentía, pero nunca se atreveron a imaxinalo, suporá un reencontro entrañable. Ao mesmo tempo, bríndase unha ocasión única para reflexionar sobre a evolución das persoas a nivel emocional e intelectual, un privilexio só ao alcance das historias universais.

Dunha maneira sumamente verosímil, os dramáticos acontecementos ao redor da familia do fuxitivo mestúranse con feitos tan maravillosos como as carreiras en cuestión de segundos ao redor do mundo que realizaba o ancián á idade de Noah. Este periplo dunha década como atleta célebre levouno a incumprir a promesa feita a seu pai de non separarse nunca del, un comportamento do que se arrepentiría o resto da súa vida.

Aínda que a mensaxe ética da novela semelle obvia, seguindo o paralelismo co conto clásico de Pinocho, a habelencia



Capa do libro e o autor

narrativa de John Boyne e a súa sensibilidade logran impactar na conciencia do lectorado sen dramatismos gratuítos nin concesións ao moralismo a pesar da dureza dalgúns feitos narrados. "Nunca deberías pretender ser o que non es -dixo en voz baixa-. Lémbrabo ben. Nunca debes desexar máis do que che foi concedido. Podería ser o peor erro da túa vida" (pp. 191-192).

leonviloria@hotmail.com